

Portela, en *O Novo Galiciano* e na *Revista Gallega*. Antonio M. de la Iglesia foi tamén, ó final da súa vida, cultivador da prosa galega como o mostra a súa “Reseña hestórica de Galicia”, da que se pode ver unha escolma en *El idioma gallego*, e os contos de feitura popular titulados “O convite do raposo”, “De Dios queren vir as cousas” (publicados ambos en *O Tío Marcos da Portela* 1888) e “A rexouba de San Lourenzo”, publicado en *Galicia humorística* (1888).

BIBLIOGRAFÍA

Vid. CC, CF, GEG

Carré Aldao, U., “D. Antonio de la Iglesia González”, *Revista Gallega* 111, 18-IV-1897.

López, T., *Névoas de antano. Ecos dos cancioneros galego-portugueses no século XIX*, Santiago, Laiovento, 1991.

IGLESIA GONZÁLEZ, FRANCISCO MARÍA DE LA

(Santiago, 1827; A Coruña, 1897). Francisco María de la Iglesia é un dos poetas da segunda xeración provincialista. A súa obra, caracterizada por unha clara e temperá preferencia no uso do galego como lingua poética, é, xuntamente coa de Pintos*, a de maior amplitude, riqueza e variedade das anteriores a Rosalía*, de aí a especial importancia deste escritor. Ademais a súa actividade creadora prolongouse durante a etapa prerrexionalista e rexionalista, completando nos últimos anos da vida a faceta de poeta coa de escritor dramático, autor do primeiro drama en lingua galega. De la Iglesia é un bo versificador aínda que a súa obra poética só acada en contadas ocasións a xenialidade dun autor de primeira liña. Francisco María de la Iglesia (irmán de Antonio María) exerceu como mestre e como profesor da Escola Normal na Coruña. Foi fundador e director de *El Diario de Galicia* (1856), participou en *O Vello do*

Pico Sagro (1860), primeira revista integramente en galego que recolle “Crónicas da Guerra de África” escritas por el e foi editor responsable de *Galicia, revista universal de este reino* (1861-1865). Tamén dirixiu a agrupación Folklore Gallego (1883), que presidía Emilia Pardo Bazán, e a Asociación Regionalista da Coruña fundada en 1891. Aínda é traballo a realizar o da recompilación e estruturación da totalidade da obra poética deste compostelano. Segundo Gumersindo Placer*, editor de parte da súa obra poética, De la Iglesia foi autor de “centos de composicións” nunca recollidas en volume e polo tanto sen publicar, aínda, moitas delas, ou publicadas en forma ciscada nas revistas da época. En primeiro lugar intentaremos facer unha estruturación esquemática da súa obra poética. Os primeiros poemas que conservamos de Francisco María de la Iglesia están datados a mediados da década de 1850 e aparecen recollidos en periódicos como son *El Defensor de Galicia*, *Diario de la Coruña* ou *El Iris de Galicia*. A comezos da década dos 60 publica distintos poemas en *Galicia, revista universal de este reino* e é dos poetas con maior presenza no “Mosaico” do *Álbum de la Caridad** (once poemas). Posteriormente, e tras a paréntese de máis de dez anos nos que se produce A Gloriosa e a Primeira República (datas nas que os acontecementos políticos ocuparon a maior parte do tempo dos nosos intelectuais), Francisco de la Iglesia aparece publicando en *El Heraldito Gallego* (1874-1880), colaborando, posteriormente, en revistas da etapa rexionalista como *La Ilustración Gallega y Asturiana* (1880-1881), *Galicia, Revista Regional* (1887-1889), *O Tío Marcos da Portela* (2ª época 1883-1889), *Galicia humorística* (1888) e *O Novo Galiciano* (1888), aparecendo tamén nas dúas obras antolóxicas máis importantes deste momento, é dicir, na *Colección de poetas*

gallegas dalgúns autores de Francisco Portela Pérez* e en *El idioma gallego** de Antonio María de la Iglesia*. Se Francisco María de la Iglesia publicou numerosas composicións en revistas e follas soltas da época deixou, sen embargo, moitos dos seus poemas sen publicar. En 1930 o padre mercedario Gumersindo Placer fixo unha escolma entre todas as poesías do autor e publicouna baixo o título de *Do mar e da terra* (1930). O criterio seguido foi (segundo palabras do propio Gumersindo Placer) “algo orixinal. Pois nin collín as mellores poesías de La Iglesia, nin tódalas publicadas en diarios e revistas; senón que, remecendo nos seus manuscritos, xuntei as que, ó meu xuízo, eran máis completas, e, sen unidade, formei este florilexio”. Non está claro que quere dicir Gumersindo Placer cando fala das “máis completas”; o que é evidente é que, sen orde cronolóxica, recolle trinta e catro poemas de De la Iglesia dos que, os datados, se sitúan nos anos 1876-1892. Claro que, ó final da escolma, aparecen algúns xa coñecidos que estaban recollidos no *Álbum de la Caridad* e que son datables cara a 1861. Na colección tamén aparece o titulado “O mar”, publicado con anterioridade no tomo terceiro de *La Ilustración Gallega y Asturiana* de 1881. As liñas poéticas esenciais que se enxergan no libro son a intimista, na que o poeta canta distintos temas como a mágoa polos amigos e familiares mortos, o amor, o bucolismo, a relixiosidade e a soidade; a reivindicación nas súas vertentes social e cívica e, por último, está presente no libro a liña popular costumista. Non hai dúbida que a maioría dos poemas recollidos en *Do mar e da terra* son contemporáneos das últimas obras poéticas de Rosalía* e das principais de Curros* e Pondal*. E a pegada dos tres escritores móstrase na obra final de Francisco de la Iglesia. Rosalianos son poemas como “¡Mifía terriña! ¡Meu lar!” de 1888 ou “O zanfonista Manduca”

de 1884, nos que De la Iglesia recrea o lirismo popular tan ben acadado por Rosalía* en *Cantares gallegos**. A pegada de Pondal* está tamén presente co seu esteticismo e o seu bardismo no titulado “Rumor de abril. Balada”. Curros* influíu, principalmente, nos poemas que incluímos no apartado de reivindicación social (“O manco da patria” e “Ó lobo, ó lobo”, por exemplo). Pero non seríamos xustos se visemos a Francisco María de la Iglesia como un produto da pegada dos principais escritores da época. Moitos dos rasgos comúns con eles son resultado dunha mesma educación e dun mesmo gusto estético, adiantándose o compostelano ás veces nos seus usos a estes escritores que vimos de citar. Varios dos poemas que presentan un esteticismo semellante ó pondaliano poderían verse só como froito da liña romántica que desemboca nos decadentismos e vangardismos de comezos do vinte. Así mesmo, se pensamos na poesía popular achegada a *Cantares gallegos* hai que subliñar tamén que Francisco María (e o seu irmán Antonio) adiantáronse a Rosalía, non na espezteza, pero si no tratamento temático do mundo folclórico tradicional. Que haxa ademais, entre os poemas de *Do mar e da terra* unha ducia que mostren a influencia dalgún dos tres grandes autores pode ser produto da escolla realizada por Gumersindo Placer e mesmo tamén pode verse como resultado do inevitabile maxisterio que, pola súa valía e galeguidade, exerceron Rosalía, Pondal e Curros, demostrándose así o bo criterio estético de Francisco María de la Iglesia. O compostelano é autor, como xa dixemos, de moitos máis poemas que permanecen manuscritos e dificilmente accesibles. Entre eles están algúns que responden a un xénero propio que o autor denomina “Fontelleiras”, que define como “Cantarelas de fonte” e das que confesa ter “dous tomos inéditos”. Francisco María de la Iglesia ten, ademais, o mérito

de ser o autor do primeiro drama escrito en galego: *A fonte do xuramento**, subtítulado "Drama de costumes gallegos en dous actos, en verso" (1882) e escrito en romance heroico. No ano 1862 e en Mera de Maianca, enfronte da Coruña, colócase a acción que dramatiza unha enguedellada historia amorosa. A peza, aínda uníndose polo ambiente e a temática ó teatro costumista, é, polo desenvolvemento da acción e a actuación dos personaxes, netamente romántica. As personaxes do drama están pouco elaboradas psicoloxicamente e por iso resultan algo simples. Ademais o autor demórase, ás veces, en escenas innecesarias para a acción provocando así un desenlace da mesma demasiado lento. Todas estas tachas non impiden que *A fonte do xuramento* teña un valor innegable: o de intentar crear unha tradición teatral que demostrase á burguesía do seu tempo que a lingua galega contaba no eido teatral cunhas posibilidades semellantes á de calquera lingua de cultura. Francisco María de la Iglesia inicia con esta obra unha cadea de escritores que sentirán a obriga da creación do teatro como medio eficaz de achegar as súas ideas a un certo número e tipo de xente, albiscaando a importancia cultural dos medios de comunicación de masas, centrados daquela exclusivamente no mundo teatral e xornalístico.

BIBLIOGRAFÍA

Vid. CC, CF, GEG, PL

Carré Aldao, U., "D. Francisco María de la Iglesia", *Revista galega* 110, 11-IV-1897.

Placer, G., "Don Francisco María de la Iglesia (apuntes para su biografía)", *Boletín de la Real Academia Galega* 220, ano XXIV, A Coruña, 1-XII-1929.

Placer, G., "Prólogo" a *Do mar e da terra. Poestas gallegas de Francisco María de la Iglesia*, Madrid, Editorial Mercedaria, 1930.

IGLESIAS ALVARELLOS, ENRIQUE

(A Coruña, 1931). Cultivador esporádico da poesía e a narrativa, optou, afastado das correntes maioritarias entre os seus coetáneos, por unha escrita mordaz e dun profasmo populista. Licenciado en Filosofía, especializouse en linguas clásicas e en materias comerciais. Realizou tamén estudos de Piano, Conxunto Coral, Canto Gregoriano, Harmonía e Dirección. Dende os 18 anos dirixe diversos coros, como a Polifónica Meigas e Trasnos, compón pezas musicais e desenvolve un continuado labor como musicólogo. É membro correspondente da Academia Tiberina de Artes e Ciencias de Roma, na que ingresou co discurso *A música culta en Galicia* (1979), e fundador e director da Editorial Alvarells. *Cen anacos* (1977), volume de poesía definida nos mesmos paratextos como satírico-picaresca, acóllese a unha vía popularizante e de decidido simplismo, porque "cando escribo poesía/ miro que seña vulgar,/ pra que todos os que a lean/ non teñan que matinar", perspectiva que defende reiteradamente o autor nos tres poemas introductorios. Nesta mesma liña, publicaría posteriormente a colección *Collédelle a chispa. Botei corenta anos* (1977), "novela curta autobiográfica" que presenta nun ton coloquial as vicisitudes do narrador protagonista no contexto da posguerra española. É tamén autor dun libro de viñetas bilingüe, *100 caras de españoles* (1983).

BIBLIOGRAFÍA

Vid. GEG

IGLESIAS ARAÚXO, BIETTO

(Quintián-Ourense, 1957). Licenciado en Historia Contemporánea, é profesor de Lingua e Literatura galegas e ocasional colaborador literario na prensa galega. Publicou na revista *Dorna* algunhas mostras de súa poesía e tamén cultiva o relato: "Luan-da" é o título da narración coa que gaña er